



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DO MEDIO  
RURAL



SERVIZO  
AGRARIO  
GALEGO

## ACTA DA VIXÉSIMO CUARTA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

### ASISTENTES:

#### **POLA FEGAMP:**

Jose Manuel Chapela Seijo – Director Xeral da Fegamp  
Lucía González Louro – Técnica de Medio Ambiente da Fegamp

#### **POLA XUNTA DE GALICIA:**

María Soledad Castro Díaz – Vicesecretaría Xeral da Consellería de Medio Rural  
David Prieto Fernández – Subdirector Xeral de Defensa do Monte

#### **POR SEAGA:**

Martín Martínez Abal – Director técnico de Seaga

Sendo as 10:00 horas do día 13 de xullo de 2023, reúnese a Comisión de Seguimento do Convenio previamente citados baixo a seguinte:

### **ORDE DO DÍA**

- 1) Lectura e aprobación da acta da 23ª reunión da Comisión do 02 de marzo de 2023.
- 2) Aprobación, se procede, das novas solicitudes de adhesión (Vila de Cruces, Outeiro de Rei e Beade).
- 3) Aprobación, se procede, das solicitudes recibidas para a realización material das actuacións de xestión de biomasa derivadas de resolucións de execución subsidiaria, de ata 10 ha por concello e ano.
- 4) Aprobación, se procede, das solicitudes de actuacións en vías de titularidade municipal.
- 5) Aprobación, se procede, das solicitudes de iniciativas estratéxicas.
- 6) Aprobación, se procede, das solicitudes de iniciativas veciñais.
- 7) Solicitudes de inspección de parcelas incluídas na rede secundaria de faixas de xestión de biomasa.
- 8) Rogos e preguntas,

Aberta a sesión polo Subdirector Xeral de Defensa do Monte, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.



## **I.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA 23ª REUNIÓN DA COMISIÓN DO 02 DE MARZO DE 2023.**

Unha vez revisada a acta pola FEGAMP e pola Secretaría Xeral Técnica, procédese á aprobación da mesma, acordándose a súa sinatura por medios telemáticos, pola Secretaria da Comisión e o Presidente, e o seu posterior envío aos restantes membros da Comisión.

## **II.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS NOVAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO CONVENIO.**

Na data da celebración da Comisión rexistráronse novas solicitudes de adhesión ao Convenio

<b>Concellos Lugo (1)</b>
Outeiro de Rei

<b>Concellos Ourense (1)</b>
Beade

<b>Concellos Pontevedra (1)</b>
Vila de Cruces

Admítense as solicitudes de adhesión destes Concellos e acórdase notificar con esta data as resolucións informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase co Concello adherido para ir avanzando na elaboración da planificación.

## **III.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SOLICITUDES RECIBIDAS PARA A REALIZACIÓN MATERIAL DAS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DE BIOMASA DERIVADAS DE RESOLUCIÓNS DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIAS, DE ATA 10 HA POR CONCELLO E ANUALIDADE.**

Dende a última xuntanza da comisión recibíronse as seguintes solicitudes para a realización de actuacións derivadas de execucións subsidiarias.



Código INE	Concello	Situación	Observaciones
15017	Cambre	69 parcelas	64 válidas. 2 non válidas: dentro de núcleo. 2 afectadas por illadas procedentes do concello de Oleiros (non adherido). 1 xa executada subsidiariamente
15019	Carballo	2 parcelas	Válidas
15046	Melide	1 parcela	Válida (pendente de entrar por rexistro)
27051	Ribadeo	2 parcelas	Subsanación
32003	A Arnoia	1 parcela	Válida
32008	Barbadás	1 parcela	Válida
32009	O Barco de Valdeorras	174 parcelas + 1 parcela	Solicitan núcleos. Parcelas inspeccionadas por Seaga no ano 2021, se poden facer deses núcleos 174 parcelas + subsanación
32054	Ourense	2 parcelas	Válidas
36009	A Cañiza	1 parcela	Válida
36017	A Estrada	2 parcelas	Solicitan anulalas
36021	Gondomar	87 parcelas	82 válidas 5 non válidas
36054	Tomiño	2 parcelas	Subsanación
36056	Valga	40 parcelas	7 non válidas. 33 necesitan subsanación

Unha vez valoradas todas estas solicitudes a comisión procede a adoptar os seguintes acordos:

- 1º Aprobar as solicitudes/ampliacións presentadas que cumpran cos requisitos da Instrución 1/2018.
- 2º Aprobar as solicitudes/ampliacións presentadas que non cumpran estes requisitos condicionando a súa aprobación á emenda ou acreditación dos mesmos.
- 3º Encargar a Seaga que prepare as correspondentes notificacións para os concellos.

#### IV.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SOLICITUDES DE ACTUACIÓN EN VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Dende a última xuntanza da comisión recibíronse as seguintes solicitudes de actuacións en vías de titularidade municipal:



PROVINCIA	CÓDIGO INE	CONCELLO	Data solicitude DXM	Lonxitude_vía solicitada (km)
Ourense	32009	O Barco de Valdeorras	16/03/2023	10,0
Ourense	32014	A Bola	17/03/2023	9,7
Ourense	32015	O Bolo	17/06/2023	Pendente analizar
Ourense	32032	Xinzo de Limia	05/06/2023	9,8
Ourense	32034	Maceda	02/03/2023	11,2
Ourense	32051	Muíños	13/04/2023	10,0
Ourense	32059	A Peroxa	03/03/2023	10,0
Ourense	32075	San Cibrao das Viñas	10/03/2023	9,2
Ourense	32076	San Cristovo de Cea	03/03/2023	9,9
Ourense	32088	Vilamartín de Valdeorras	09/03/2023	10,0
Ourense	32089	Vilar de Barrio	22/06/2023	Pendente de analizar
Pontevedra	36042	Ponteareas	-	Pendente de analizar

Unha vez valoradas todas estas solicitudes a comisión procede a adoptar os seguintes acordos:

1º Aprobar as solicitudes e encargar a Seaga iniciar os traballos necesarios para as actuacións no dominio público das vías solicitadas.

2º Tendo en conta que o presente convenio finaliza o 31 de decembro os traballos de actuación quedarán supeditados ao orzamento dispoñible e os prazos necesarios para a execución dos traballos.

#### V.- APROBACIÓN SE PROCEDE , DAS SOLICITUDES DE INICIATIVAS ESTRATÉXICAS.

Dende a última xuntanza da comisión recibíuse a seguinte solicitude de iniciativas estratéxicas.

PROVINCIA	CÓDIGO INE	CONCELLO	Núcleo_1	Núcleo_2	Observacións
Pontevedra	36013	O Covelo	Parroquia Prado da Canda	Parroquia A Lamosa	Non especifican os núcleos. Mesma solicitude que no ano 2020.
Pontevedra	36013	O Covelo	Parroquia Prado da Canda	Parroquia A Lamosa	



Estas iniciativas terían que cumprir cos requisitos recollidos na terceira addenda e formalizar solicitude de incorporación ao Banco de Terras polos responsables coñecidos de, canto menos, o 70% da superficie da faixa que precise de xestión de biomasa.

Este requisito presenta problemas para os concellos derivados da dificultade de abordar o tema das incorporacións ao Banco de Terras cos veciños coa situación actual de restricións.

Esta solicitude xa se recibiu no ano 2020 e falado co Concello estimaban complicado a cesión ao banco de terras, polo que esta solicitude queda desestimada.

## **VI.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS SOLICITUDES DE INICIATIVAS VECIÑAIS.**

Cando nos concellos adheridos existan iniciativas veciñais que contribúan ao cumprimento das medidas preventivas nas faixas secundarias o Sistema público de xestión de biomasa, poderá facilitar aos concellos o equipamento necesario para levar a cabo actuacións sobre a biomasa, infraestruturas preventivas ou apoio á intendencia en situación de incendios forestais.

A documentación requirida no Convenio é a seguinte:

1º Memoria xustificativa das actuacións que inclúa a necesidade do equipamento preciso para levar a cabo as devanditas actuacións

2º Acreditación da inscrición das asociacións veciñais no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia

3º Instrumento de colaboración entre o Concello e as asociacións veciñais

A través da Dirección Xeral recibíuse a seguinte solicitude:

PROVINCIA	CÓDIGO INE	CONCELLO	Observacións
Ourense	32053	Oímbra	Solicitud de material de desbroce, para a A.C. Santa Cruz de San Cibrao (Oímbra)

Logo da valoración por parte da comisión das iniciativas presentada procédese a:

1º Aprobar a iniciativa presentada polo concello de Oímbra, por cumprir con todos os requisitos necesarios.

## **VII.- SOLICITUDES DE INSPECCIÓN**

Ata o momento recibíronse na Dirección Xeral solicitudes de actuación en parroquias non priorizadas dos seguintes Concellos:



Provincia	Código INE	Concello
A Coruña	15014	Cabana de Bergantiños
A Coruña	15029	Coristanco
A Coruña	15030	A Coruña
Lugo	27017	Folgozo do Courel
Lugo	27051	Ribadeo
Ourense	32003	A Arnoia
Ourense	32019	O Carballiño
Ourense	32022	Castrelo de Miño
Ourense	32027	Cortegada
Ourense	32081	Toén
Ourense	32089	Vilar de Barrio

Fíxase como obxectivo redactar un modelo para enviar ao concellos para que soliciten inspeccións.

Estase pendente da contratación dun máximo de 40 supervisores para a realización destes traballos.

### VIII.- ROGOS E PREGUNTAS

Dende a FEGAMP ínstase a traballar na preparación dun novo texto do convenio, analizando unha posible actualización dos criterios de priorización establecidos no convenio, de xeito que resulte un reparto operativo, tendo en conta os resultados obtidos e os traballos feitos durante estes anos.

Fíxase como obxectivo convocar o grupo de traballo para setembro.

Coméntase dende a FEGAMP a posibilidade de reunir todas as actas existentes das anteriores comisións de seguimento, co obxecto de publicitalas na súa páxina web; dende a consellería se amosa o seu acordo e o compromiso de recopilar as mesmas para o seu envío.

Por último, se indica a posibilidade de enviar unha notificación a todos os concellos adheridos que contemple a opción de solicitar, como noutras anualidades, a realización por parte de Seaga da inspección do estado de xestión de biomasa das parcelas incluídas na rede de faixas secundarias.

Sen máis asuntos que tratar, o Subdirector da por finalizada a reunión, sendo as 10:30 horas da data sinalada no encabezamento.

